INFORMACIÓN E NORMAS DE PARTICIPACIÓN NO SERVIZO MADRUGADOR@S – CURSO 2026/2027

1. No caso de que o número de solicitudes de inscrición presentadas superen o número de prazas ofertadas, na selección dos/as participantes teranse en conta os seguintes criterios (pola orde na que aparecen) :

   a) Que os/as menores estiveran inscritos/as no curso pasado.

   b) Que amb@s proxenitor@s ou un/unha del@s (no caso de familias monoparentais) traballen no horario do Servizo Madrugador@s.

   c) Que a familia do/a menor se encontre nalgunha das circunstancias recollidas no Artigo 7 da *"ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Plan Corresponsables en Galicia dirixido a entidades locais, e se convocan para o ano 2026"*

   d) Que o/a menor esté empadroado/a no Concello de Viana do Bolo.

   e) En caso de que varias familias presenten as causas recollidas nos puntos a), b) c) e d) terase en conta a orde de inscrición para asignar a/as prazas.

2. **A entrada dos/as menores ás actividades será dende as 7:30 ata as 8:30 horas** podendo elixir as familias o horario que máis lle conveña.

3. Os/as menores non poden levar ás actividades móbiles, nin dispositivos electrónicos de ningún tipo.

4. Durante o Servizo de Madrugador@s os/as menores que o desexen terán tempo para almorzar e deberán traer o almorzo da casa.

5. Recoméndase que os/as nenos/as acudan as actividades con roupa e calzado cómodo e fácil de lavar (uso de pinturas, pegamentos, etc.)

6. Non se permite a entrada das familias aos espazos por razóns de seguridade.

7. **A falta inxustificada do/a menor durante 3 días seguidos supón a perda do dereito á praza e, de haber listaxe de espera, asignaráselle a praza ao/á seguinte da lista.**

8. O Concello de Viana do Bolo resérvase o dereito a tomar medidas e/ou decisións non especificadas neste documento sempre que poidan contribuír a un mellor funcionamento das actividades

9. O Servizo Madrugador@s contará á súa vez, cunha serie de normas e recomendacións a nivel interno para a boa convivencia entre os/as menores (ex. non insultar e/ou pegar, acatar as normas establecidas polas monitoras en cada actividade, etc.) . A falta reiterada de cumprimento destas normas básicas de convivencia será motivo de expulsión das actividades.

10. A inscrición do/a menor no Servizo Madrugador@s supón o coñecemento e aceptación das normas reflexadas neste documento.

PERSOAL DE CONTACTO:

Para calquera dúbida, consulta, suxestión ou queixa contactar co CIM:

Tlfo: 988 32 92 60 Correo electrónico: cimviana@gmail.com WhatsApp: 616 87 88 96

(Iniciada a actividade facilitaranse outros teléfonos para un contacto máis directo coas monitoras).